

## INFORME DA MOSTRAXE DO MES DE SETEMBRO DE 2020 NA RÍA DE ARES-BETANZOS

### Banco da praia de Ares

O banco de Ares está situado fronte a praia de Ares e ten unha superficie de 158.000 m<sup>2</sup>. A principal especie recurso é a ameixa rubia.

Este banco está dividido en catro estratos: R1 no que se agrupan 14 estacións de mostraxe, R2 con 12, R3 localízanse soamente 9 e por último, R4 recóllense mostras de 15 estacións (Figura 2). Por tanto, no banco de Ares obtense un total de 50 mostras correspondentes ás 50 estacións, é dicir soamente unha mostra por estación. A diferenza dos bancos da Ría de Arousa, nos que se recollen dúas réplicas por estación.




Figura 1: Distribución de estratos e estacións no banco de Ares.

### Ameixa rubia

Densidade media total de 16,59 ind/m<sup>2</sup>; desta densidade total soamente 2,47 ind/m<sup>2</sup> corresponden á talla comercial.

Estimación de biomasa comercial: 23 T.

Estrutura de tamaños (figura 2).





Figura 2: Estrutura poboacional de ameixa rubia no porto de Ares.

## **Navalla**

Densidade total media foi de 16,2 ind/m<sup>2</sup>, dos que 5,91 ind/m<sup>2</sup>, correspóndense con exemplares de tamaño comercial.

Estimación de biomasa comercial: 50 T.


Estrutura de tamaños (figura 3)



**Figura 3:** Estrutura poboacional de navalla no porto de Ares.

## **Ameixa babosa**


Todo os individuos obtidos de ameixa babosa neste banco, son de tamaño non comercial (entre 10 e 28 mm).



**Figura 4:** Estrutura poboacional de ameixa babosa no porto de Ares.

## Reló

Os exemplares de reló recollidos nesta mostraxe son individuos de moi pequeno tamaño (entre 5 e 12mm). (figura 5).




**Figura 5:** Estrutura poboacional de reló no porto de Ares.

## **Banco do porto de Sada**

O banco de Sada sitúase fronde o espigón do porto de Sada e ten unha extensión total de case 34.000 m<sup>2</sup>. O principal recurso é a ameixa babosa aínda que nas últimas mostraxes de outono, e na presente mostraxe, detectouse presenza significativa de ameixa rubia non comercial.

O banco atópase dividido en dous estratos, S1 que agrupa 3 estacións de mostraxe e S2 na que se sitúan as 6 estacións restantes. Por tanto, de Sada analizáronse 9 mostras en total, unha por estación (figura 6).




**Figura 6:** Distribución de estratos e estacións no banco de Sada.

## **Ameixa babosa**

A ameixa babosa resultou, coma no 2019, a especie con maior densidade de todo o banco 35,61 ind/m<sup>2</sup>; dos que 6,38 ind/m<sup>2</sup> correspóndense con individuos de tamaño comercial.

Estimación de biomasa comercial: 8 T.

Estrutura de tamaños (figura 7).




**Figura 7:** Estrutura poboacional de ameixa babosa no porto de Sada.

### **Ameixa rubia**

Densidade: 11,94 ind/m<sup>2</sup>

Estimación de biomasa comercial: 2 T.

Estrutura de tamaños (figura 8).




**Figura 8:** Estrutura poboacional de ameixa rubia no porto de Sada.

### **Reló**

Densidade: 9,33 ind/m<sup>2</sup>.

Biomasa comercial: 1,5 T.

Estrutura de tamaños: (figura 9).




**Figura 9:** Estrutura poboacional de reló no porto de Sada.

## **Navalla**

Densidade total foi de 5,33 ind/m<sup>2</sup>, dos que 2 ind/m<sup>2</sup> corresponden a tamaño comercial

Biomasa comercial: 2 T.

Estrutura de tamaños: (figura 10).



**Figura 10:** Estrutura poboacional de navalla no porto de Sada.

Informe elaborado polo equipo da acción de investigación BLM-EMI – CIMA 18/02, coa colaboración de biólogos de zona das Xefaturas Territoriais da Consellería do Mar da Coruña e Vigo